



No estudio participaron un grupo de investigadores da Universidade de Santiago de Compostela.-

O Observatorio da Caza, xunto cos investigadores que participaron no traballo, ven de presentar o libro *O Raposo en Galicia*

O *Observatorio da Caza*, posto en marcha pola Federación Galega de Caza no ano 2007, ten por obxecto o estudo en xeral dos diferentes aspectos da caza, desde o punto de vista ambiental, sanitario, socioeconómico, entoutros.

Desde os seus inicios, o *Observatorio*, elaborou o Plan de Recuperación da Caza Menor en Galicia, que pretende servir ás sociedades de caza como ferramenta para a xestión da caza menor. O citado manual editouse en formato impreso e en DVD e distribuíuse entre tódalas sociedades e un amplo número de cazadores.

Ao mesmo tempo estase a realizar unha investigación - coa colaboración dos cazadores e sociedades que aportan as mostras- para determina-las enfermidades que puideran sufrir as poboacións de caza maior en Galicia, en concreto sobre a *triquinosis no xabaril*, fundamental de cara ao consumo da súa carne.

O *Observatorio* –a través dos cazadores- tamén está a recoller mostras de perdices e coellos para o estudo xenético que está a desenvolver a facultade de Bioloxía da USC por encargo da Consellería de Medio Ambiente.

No referente ao eido socioeconómico, un grupo de expertos en socioloxía, economía e demoscopia está a elaborar un amplo estudo da caza en Galicia desde a perspectiva vista social e económica, cuxos resultados estadísticos amosarán a realidade socioeconómica da caza nesta Comunidade.

Hoxe o *Observatorio da Caza* ven de presentar o libro *O raposo en Galicia* que un grupo de investigadores da USC estivo realizando nos últimos anos no que abordan a realidade do raposo na nosa Comunidade en canto a súa distribución xeográfica, os hábitats, etoloxía, alimentación, reprodución, dinámica de poboacións, densidades, interacción, xestión das súas poboacións, enfermidades, etc.

Dende a Federación faise unha valoración moi positiva do traballo destes investigadores e están seguros que redundará non só nun mellor coñecemento da especie senón tamén na correcta toma de decisións nos diversos ámbitos.

Nos vindeiros días dende a Federación Galega de Caza farase chegar exemplares do libro a tódalas sociedades de caza así como a aqueles organismos, institucións e persoas con interese no eido ambiental.



GABINETE DE COMUNICACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com

